

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 21 de outubro de 2021 pola que se dá publicidade dun encargo a medio propio realizado por esta axencia.

De conformidade co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de setembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dáse publicidade dos seguintes encargos a medio propio:

1. Resolución do 19 de outubro de 2021, do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se lle encarga ao medio propio Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (Tragsa), a obra para actuación piloto de seguridade viaria en pasos de peóns mediante iluminación led, no barrio da Ponte do concello de Ourense.

– Actividade: mellora da seguridade viaria, mediante o aumento de protección do peón e mellora da súa visibilidade grazas ao reforzo da sinalización, balizamento e iluminación dos pasos de peóns considerados utilizando novas tecnoloxías máis eficientes.

– Natureza e alcance do encargo: encargo a medio propio ao ter a empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (Tragsa), a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

– Prazo de vixencia: desde o 19 de outubro de 2021 ata o 30 de abril de 2022.

– Financiamento: tramitouse con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2021; o orzamento de execución ascende á cantidade de douscentos corenta e dous mil douscentos corenta e un euros con sesenta e seis céntimos (242.241,66 €), con cargo á aplicación orzamentaria 06.A3.733A.608.2, dos orzamentos do Inega para 2021, distribuídos segundo o seguinte cadro de anualidades:

2021: 91.000,00 €.

2022: 151.241,66 €.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2021

Paula María Uría Traba
Directora da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

